

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, INDUSTRIA E INNOVACIÓN

XEFATURA TERRITORIAL DE PONTEVEDRA

Rúa Fernández Ladreda, 43-5º

36003 Pontevedra

Asunto: Alegacións por DEFECTOS DE TRAMITACIÓN en relación ao ANUNCIO do 28 de novembro de 2022, da Dirección Xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático, polo que se fai pública a declaración de impacto ambiental do proxecto do parque eólico Porto Vidros, nos concellos de Campo Lameiro e Cerdedo-Cotobade (expediente 2020/0216), DOG Núm. 236, de 14 de decembro de 2022 e á RESOLUCIÓN do 24 de marzo de 2021, da Xefatura Territorial de Pontevedra, pola que se someten a información pública o estudo de impacto ambiental e as solicitudes de autorización administrativa previa e de construción e aprobación do proxecto sectorial de incidencia supramunicipal e declaración de utilidade pública do proxecto do parque eólico Porto Vidros, sito nos concellos de Cerdedo-Cotobade e Campo Lameiro, da provincia de Pontevedra (expediente IN408A 2017/14), DOG Núm. 65, de 8 de abril de 2021.

D./D^a. _____ con DNI. Nº. _____ e con domicilio a efectos de notificacións en _____, municipio de _____, provincia de _____, teléfono _____.

EXPÓN:

Á vista do ANUNCIO do 28 de novembro de 2022, da Dirección Xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático, polo que se fai pública a declaración de impacto ambiental do proxecto do parque eólico Porto Vidros, nos concellos de Campo Lameiro e Cerdedo-Cotobade (expediente 2020/0216), DOG Núm. 236, de 14 de decembro de 2022 e da RESOLUCIÓN do 24 de marzo de 2021, da Xefatura Territorial de Pontevedra, pola que se someten a información pública o estudo de impacto ambiental e as solicitudes de autorización administrativa previa e de construción e aprobación do proxecto sectorial de incidencia supramunicipal e declaración de utilidade pública do proxecto do parque eólico Porto Vidros, sito nos concellos de Cerdedo-Cotobade e Campo Lameiro, da provincia de Pontevedra (expediente IN408A 2017/14), DOG Núm. 65, de 8 de abril de 2021, por medio do presente escrito presenta ALEGACIONES POR DEFECTOS NA TRAMITACIÓN en base ás seguintes consideracións:

I.- ANTECEDENTES E CONTEXTO NO QUE SE PREVÉ DESARROLLAR O PROXECTO EÓLICO PORTO VIDROS

1.- Por RESOLUCIÓN do 26 de xullo de 2018, da Dirección Xeral de Enerxía e Minas, autorízase o cambio de titularidade e outórganse as autorizacións administrativas previa e de construción ao **parque eólico Pico Touriñán**, situado nos concellos da Estrada, Cerdedo e Campo Lameiro e promovido pola sociedade Enel Green Power España, S.L. (expediente IN661A 2010/3-4). DOG Núm. 165, de 30 de agosto de 2018.

Características técnicas das instalacións eléctricas de produción, interconexión e transformación:

- 8 aeroxeradores Vestas V-112 de 3.000 kW de potencia nominal unitaria de 94 m de fuste e 112 m de diámetro de rotor.
- 8 centros de transformación de 3.350 kVA de potencia nominal unitaria e relación de transformación 0,65/20 kV, Dyn5, instalados unitariamente no interior da torre do aeroxerador cos seus correspondentes aparellos de manobra e protección.
- 1 torre meteorolóxica autoportante de 94 m de altura, equipada con anemómetros, cataventos, medidores de temperatura e de presión, e logger rexistrador.

- Liñas eléctricas soterradas de 20 kV de tensión nominal en canalización entubada, normalmente baixo vía ou ben en terreo libre, para a evacuación de enerxía xerada e interconectando os centros de transformación 0,65/20 kV e a subestación transformadora 66/20 kV.
- Subestación transformadora interior, equipada con transformador de 50/60 MVA, relación de transformación 66/20 kV e conexión YNDn11, celas de media tensión 20 KV, transformador de servizos auxiliares de 50 kVA e relación 20/0,42-0,24 kV, aparellos de medida, protección, telemando e control.
- Obra civil consistente en camiños de acceso a aeroxeradores, torre meteorolóxica, subestación, edificio de control, cimentacións e plataformas de aeroxeradores.

2.- Por RESOLUCIÓN do 29 de outubro de 2018, da Xefatura Territorial de Pontevedra, sométese a información pública a solicitude de autorizacións administrativas previa e de construción, declaración de impacto ambiental, aprobación do proxecto sectorial de incidencia supramunicipal e declaración de utilidade pública, en concreto, dunha instalación eléctrica nos concellos de Cerdedo-Cotobade, A Estrada, Campo Lameiro, Moraña, Portas e Caldas de Reis (expediente IN407A 2011/350), DOG Núm. 211, de 6 de novembro de 2018.

Denominación: **LAT 66/220 kV entre a subestación do parque eólico Pico Touriñán e a subestación Tibo.**

Finalidade: permitir a evacuación da enerxía eléctrica producida polos parques eólicos Pico Touriñán (30 MW), Acibal (12 MW), Monte Festeiros (48 MW), Outeiro Grande (18 MW) e Touriñán III-2 (24 MW).

Concellos afectados: Cerdedo-Cotobade, A Estrada, Campo Lameiro, Moraña, Portas e Caldas de Reis.

Características técnicas: a instalación consiste nunha liña de alta tensión estruturada en dous treitos, o primeiro en aéreo e o segundo treito en subterráneo, que contará con dous circuitos:

- Circuito 1: de 66 kV, destinarase á evacuación da enerxía xerada polos parques eólicos Pico Touriñán de 30 MW e Acibal de 12 MW.
- Circuito 2: de 220 kV, destinarase á evacuación da enerxía xerada polos parques eólicos Monte Festeiros (48 MW), Outeiro Grande (18 MW) e Touriñán III-2 (24 MW).

A orixe da liña aérea serán os pórticos da SET Pico Touriñán, desde onde e a través de 19 aliñacións e 52 apoios, se chegará ao apoio nº 51 de paso aéreo subterráneo, nas inmediacións da paraxe Abo, no concello de Caldas de Reis. A lonxitude total da liña é de 15.761 m, discorrendo polos concellos de Cerdedo-Cotobade, A Estrada, Campo Lameiro, Moraña, Portas e Caldas de Reis. Os condutores de fase que se utilizarán na construción da liña serán de aluminio-aceiro do tipo A-280 (HAWK).

A liña subterránea proxéctase entre o apoio nº 51 e a SET Tibo, e ten unha lonxitude de 1.330 metros (circuíto 66 kV) e de 930 metros (circuíto de 220 kV), onde o circuíto de 66 kV irá con condutor Hersatene RHZ1- RA+20 L 36/66 1×630 AL2, e o circuíto de 220 kV irá con condutor HVAC XLPE RHZ1 127/220 kV 1×630 AL2. Ademais, instalarase un cable de comunicacións do tipo ADSS 48 F. A liña subterránea discorre integramente polo concello de Caldas de Reis.

3.- Por RESOLUCIÓN do 19 de febreiro de 2021, da Xefatura Territorial de Pontevedra, sométese a información pública o estudo de impacto ambiental e as solicitudes de autorización administrativa previa e de construción e aprobación do proxecto sectorial de incidencia supramunicipal e declaración de utilidade pública do **proxecto do parque eólico Campo das Rosas**, sito nos concellos da Estrada, Cerdedo-Cotobade e Campo Lameiro, da provincia de Pontevedra (IN408A 2017/05), DOG Núm. 41, de 2 de marzo de 2021

Características técnicas recollidas no proxecto:

- 8 aeroxeradores de 3.450 kW de potencia nominal unitaria, 138 m de diámetro de rotor e altura da buxa de 94 metros, correspondente co modelo Enercon-138 EP3, ou similar, xunto cos seus correspondentes centros de transformación con potencia unitaria de 4.000 kVA, grupo de conexión Dyn5 e tensión 0,65/30 kV, situados no seu interior.

– 2 estacións anemométricas, equipadas con torres autosoportadas de 94 m de altura, equipadas con 5 anemómetros a 94, 90, 70, 50 e 30 m e 3 cataventos a 90, 70 e 80 m.

– 2 liñas soterradas a 30 kV, de interconexión entre os centros de transformación dos aerogeradores ata o centro de seccionamento, denominadas Circuito I (4 aerogeradores; CR-01 a CR-04) e Circuito II (CR-05 a CR-08).

– Centro de seccionamento do parque eólico Campo das Rosas con celas blindadas de interior en 30 kV. Cabe destacar que no dito centro de seccionamento se enlaza a liña de evacuación de Porto Vidros cunha potencia de 10,35 MW.

– Unha liña aerosoterrada de 30 kV, de 1,7 km, que parte do centro de seccionamento e finaliza nunha nova subestación elevadora 220/30 kV Quireza, que se divide en tres tramos:

- Liña soterrada entre centro de seccionamento e o apoio nº 1 de paso aerosoterrada de 79 m.
- Liña aérea entre os apoios nº 1 e nº 8 de paso aerosoterrada de 1.363 m.
- Liña soterrada entre o apoio nº 8 de paso aerosoterrada e subestación elevadora 220/30 kV de 418 m.

– **Subestación elevadora 220/30 kV Quireza, verterá á rede a enerxía xerada polos parques eólicos Campo das Rosas e Porto Vidros.** Será convencional de exterior en 220 kV e blindada de interior con illamento en hexafluoruro de xofre (SF6) en 30 kV. O sistema de 220 kV estará constituído por unha posición de liña-transformador, un transformador de potencia 220/30 kV. O sistema de 30 kV estará constituído por dúas posicións de liña, unha posición de transformador de potencia e unha posición de servizos auxiliares con medida.

A posición de liña-transformador de 220 kV estará equipada coa seguinte aparelaxe: un interruptor automático tripolar, un seccionador tripolar xiratorio con coitelas de posta a terra, tres transformadores de intensidade, tres transformadores de tensión indutivos, seis autoválvulas-pararraios e un armario de protección de liña e transformador.

A transformación levarase a cabo mediante un transformador trifásico de illamento en aceite de 70 MVA, 220/30 kV.

O sistema de 30 kV estará composto por: dúas celas de liña, unha cela de secundario de transformador e unha cela de servizos auxiliares con medida e os seus correspondentes dispositivos de proteccións e medida (no interior) e unha reactancia de posta á terra, en baño de aceite, de 500 A 30 seg, conectado no lado de baixa do transformador de potencia 220/30 kV-70 MVA, tres autoválvulas e un seccionador tripolar sen coitela de posta á terra (á intemperie)

– Liña aérea 220 kV de 77,6 m, que parte da posición a 220 kV da SET 220/30 kV Quireza e finaliza no apoio nº 1 da LAT 220 kV Tibo-Pico Touriñán. Esta liña, en unión á que se atopa en proceso de tramitación, dará lugar á LAT 220 kV SET-Quireza-Tibo.

O obxecto da información pública será o proxecto de execución das instalacións, o estudo de impacto ambiental e o proxecto sectorial de incidencia supramunicipal e a declaración de utilidade pública (RBDA e planos parcelarios).

4.- Por RESOLUCIÓN do 3 de maio de 2022, da Xefatura Territorial de Pontevedra, sométese a información pública o estudo de impacto ambiental e as solicitudes de autorización administrativa previa e de construción e aprobación do proxecto sectorial de incidencia supramunicipal (proxecto de interese autonómico) e declaración de utilidade pública do proxecto do **parque eólico Touriñán III-2**, situado nos concellos da Estrada, Cuntis e Campo Lameiro, da provincia de Pontevedra (expediente IN661A 2011/13-4), DOG Núm. 104, de 1 de xuño de 2022.

A enerxía deste parque eólico, así como a do parque eólico Rosa dos Ventos ingresarase á rede eléctrica nacional a través da subestación colectora Touriñán III-2 de 30/220 kV, polo tanto, **a antedita subestación evacuará, ademais da enerxía xerada polo PE Touriñán III-2 de 24 MW, a xerada polo PE Rosa dos Ventos de 15 MW,** facendo un total de 39 MW. Para esta posición de transformación instalarase un transformador 40/50 MVA ONAN/ONAF 30/220 Kv.

A Liña aérea a 220 kV de 54,03 m, estará constituída por dous circuitos trifásicos nos que se usará un condutor de aluminio-aceiro segundo UNE 50182 do tipo LA-280 (242-AL 1/39-ST1A). **Disporá de dous apoios intermedios entre**

a subestación e a liña de entronque LAT 220 kV SET Pico Touriñán-SET Tibo (obxecto de tramitación independente incluso no que avaliación ambiental se refire).

5.- De xeito simultáneo está en tramitación o **proxecto eólico Rosa dos Ventos** (Código do proxecto: 2021/0038). Este proxecto desenvólvese na contorna inmediata do proxecto eólico Touriñán III.2, situado ao leste e con permiso de construción. A Declaración de impacto ambiental favorable do parque eólico Touriñán III.2 reconece expresamente afectación para a Rapa das Bestas.

O futuro Centro de Seccionamiento e Control (CSC) do parque Rosa dos Ventos estará instalado dentro do propio parque eólico e será onde se descargará toda a enerxía eléctrica producida no parque para posteriormente evacuar á subestación existente de Touriñán III-2. Aínda que a citada Subestación e a liña de conexión do centro de seccionamiento e control coa subestación non pertence a este parque eólico e non é obxecto deste proxecto.

O parque eólico Rosa dos Ventos ten acceso concedido á rede de transporte de enerxía eléctrica nacional a través da subestación eléctrica do Parque Eólico Touriñán III-2 á subestación de rede eléctrica de Tibo (Pontevedra), polo que a conexión realizarase a través desta subestación. A poligonal o proxecto Rosa dos Ventos ocuparía un total de 793,46 hectáreas.

6.- Por Resolución do 24 de marzo de 2021, da Xefatura Territorial de Pontevedra, sométese a información pública o estudo de impacto ambiental e as solicitudes de autorización administrativa previa e de construción e aprobación do proxecto sectorial de incidencia supramunicipal e declaración de utilidade pública do **proxecto do parque eólico Porto Vidros**, sito nos concellos de Cerdedo-Cotobade e Campo Lameiro, da provincia de Pontevedra (expediente IN408A 2017/14).

7.- Por RESOLUCIÓN do 12 de febreiro de 2020, da Xefatura Territorial de Pontevedra, sométese a información pública o estudo de impacto ambiental e as solicitudes de autorización administrativa previa e de construción, aprobación do proxecto sectorial de incidencia supramunicipal e declaración de utilidade pública do **proxecto do parque eólico das Penizas**, sito nos concellos de Cerdedo-Cotobade e Forcarei da provincia de Pontevedra (IN408A 2017/06). DOG Núm. 50, de 13 de marzo de 2020.

Solicitante: Greenalia Wind Power, S.L.U.

Denominación do proxecto: parque eólico das Penizas.

Concellos afectados: Cerdedo-Cotobade e Forcarei (Pontevedra).

Potencia que se vai instalar: 33,6 MW.

Número de aeroxeradores que se van instalar: 8 x 4,2 MW de potencia nominal unitaria.

O obxecto da información pública será o proxecto de execución das instalacións, o estudo de impacto ambiental, o proxecto sectorial de incidencia supramunicipal e a declaración de utilidade pública (RBDA e planos parcelarios).

8.- Por RESOLUCIÓN do 16 de xuño de 2022, da Xefatura Territorial de Pontevedra, sométese a información pública o estudo de impacto ambiental e as solicitudes de autorización administrativa previa e de construción e aprobación do proxecto sectorial de incidencia supramunicipal (proxecto de interese autonómico) do proxecto do **parque eólico Pedra Longa**, situado nos concellos da Estrada, Forcarei e Cerdedo-Cotobade, na provincia de Pontevedra (expediente IN408A 2019/32). DOG Núm. 125, de 1 de xullo de 2022.

Solicitante: Pedra Longa Eólica, S.L.

Denominación do proxecto: parque eólico Pedra Longa.

Concellos afectados: A Estrada, Forcarei e Cerdedo-Cotobade (Pontevedra).

Potencia que se vai instalar: 16,8 MW.

Número de aeroxeradores que se van instalar: 3.

Entre as características do proxecto figura:

– Unha liña soterrada de 30 kV, de 4.509 m, tipo de condutor RHZ1 18/30 kV de 630 mm², que discorre entre o CS ata a subestación colectora As Penizas 132/30 kV, que compartirá con outros parques e que non é obxecto deste expediente.

Constitúen o obxecto da información pública os seguintes documentos: proxecto de execución, estudo de impacto ambiental e o proxecto sectorial de incidencia supramunicipal (proxecto de interese autonómico), non así a Relación de Bens e Dereitos Afectados (RBDA).

9.- Na mesma área xeográfica non só está o parque eólico Pedra Longa, As Penizas, e Cabanelas. Tamen hai que ter en conta a Ampliación As Penizas, a LAT 132 kV Penizas-Paraño, o parque eólico de Campo das Rosas, o parque eólico singular Campo das Cruces II Fase e xa sobre a Rede Natura ZEC Serra do Candan e Serra do Cando os parques eólicos Masgalán-Campo do Coco e Campo das Cruces, estando o primeiro formado por 75 aeroxeradores.

10.- Por RESOLUCIÓN do 4 de agosto de 2022, da Xefatura Territorial de Pontevedra, sométese a información pública o estudo de impacto ambiental, as solicitudes de autorización administrativa previa e de construción, a aprobación do proxecto sectorial de incidencia supramunicipal (proxecto de interese autonómico) e a declaración de utilidade pública do **proxecto do parque eólico Cabanelas**, situado nos concellos da Estrada, Forcarei e Cerdedo-Cotobade, provincia de Pontevedra (expediente IN661A 2010/2-4), DOG Núm. 165, de 31 de agosto de 2022.

11.- Non se avalían os impactos sinérxicos, aditivos e/ou acumulados de todas as infraestruturas previstas ou xa executadas na área xeográfica do proxecto eólico Campo das Rosas e das súas infraestruturas asociadas.

PROXECTOS EÓLICOS E INFRAESTRUTURAS DE EVACUACIÓN NA ÁREA XEOGRÁFICA DO PROXECTO EÓLICO CAMPO DAS ROSAS	
NÚMERO	DENOMINACIÓN
1	Parque eólico Coto San Sebastián
2	Parque eólico Outeiro Grande
3	Parque eólico Masgalán – Campo do Coco
4	Parque eólico Ameixeiras -Testeiro
5	Parque eólico Borreiro
6	Parque eólico Cabanelas
7	Parque eólico Campo das Cruces
8	Parque eólico Pedra Longa
9	Parque eólico Targos
10	LAT Parque eólico Ameixeiras
11	LAT Parque eólico Masgalán
12	LAT As Travesas - Cartelle
13	LAT Parque eólico Coto San Sebastián
14	LAT Parque eólico Galerna
15	Parque eólico Paraño Oeste
16	Parque eólico Afrende
17	Parque eólico Tramontana
18	Parque eólico Siroco

A isto hai que engadir as liñas eléctricas xa executadas e as que están en tramitación:

1. LAT 66 Kv DERIV
2. LAT 66 Kv C1 TIB LES 66 UFD
3. LAT 66 Kv C1 LER SJG 66 UFD
4. LAT 66 Kv C1 LER SJG 66 UFD
5. LAT 66 Kv C1 MUR SJG 66 UFD
6. LAT 66 Kv C1 MUR SJG 66 UFD
7. LAT 132 kv As Penizas –SEC Paraño Tramitación
8. LAT 400 Kv C1 MES2 CAR 400 REE
9. LAT 400 Kv C2 MES2 CAR 400 REE
10. LAT 400 Kv C1 MES2 CAR 400 REE

11. LAT 220 Kv C1 POR TIB 220
12. LAT 220 Kv C1 POR TIB 220 REE
13. LAT 220 Kv C1 POR TIB 220 REE

O impacto xeral provocado pola acumulación de parques eólicos pode xerar graves afeccións tanto á poboación como aos animais da zona. Preocupa, especialmente, a situación da avifauna e os quirópteros, dado que esta concentración de parques podería supor un incremento significativo da mortalidade, do efecto baleiro (abandono da zona) e do efecto barreira. Neste último caso, cuxo resultado directo sería o da perda de conectividade ecolóxica, vulnera de xeito flagrante a disposición incluída na Lei 5/2019, de 2 de agosto, do patrimonio natural e da biodiversidade de Galicia. No artigo 87.1. desta lei, se manifesta o seguinte:

“Para mejorar la coherencia y la conectividad ecológica del territorio, la Administración autonómica fomentará en su planificación ambiental la conservación de corredores ecológicos y la gestión de aquellos elementos del paisaje y áreas territoriales que resulten esenciales o revistan primordial importancia para la migración, la distribución geográfica y el intercambio genético entre poblaciones de especies de fauna y flora silvestres, teniendo en cuenta los impactos futuros del cambio climático.”

En suma, cabe indicar a seguinte consideración, incluída no borrador da “Estrategia estatal de infraestructura verde y de la conectividad y la restauración ecológicas” realizada polo Ministerio para la Transición Ecolóxica y el Reto Demográfico na que se sinala que se debe perseguir a:

“Mitigación de las barreras producidas por la infraestructura de producción y distribución de energía, prioritariamente en aquellos parques eólicos y tramos de los tendidos eléctricos que atraviesen áreas relevantes para la diversidad de aves y murciélagos y/o concentren un elevado número de electrocuciones o colisiones.”

Ao anterior hai que engadir a presenza de aves e quirópteros (morcegos) en estado de perigo de extinción o vulnerables segundo o Catálogo Galego de Especies Ameazadas (CGEA) e/ou o Catálogo Nacional de Especies Amenazadas (CNEA).

En definitiva, os máis de 12 parques eólicos referenciados e a súas infraestruturas de evacuación non son compatibles coa conservación dos corredores ecolóxicos nin coa pretensión de mitigar as barreras á fauna, e máis se temos en conta a presenza próxima da Rede Natura 2000 e a importancia dos cursos fluviais como garantes da conectividade ecolóxica.

Os proxectos dos parques eólicos e as liñas de evacuación deben ser contemplados como un conxunto integrado nun mesmo proxecto. Non é de recibo sortear a través dunha máis que utilizada fragmentación, uns efectos sinérxicos e acumulativos ausentes nos estudos de impacto ambiental e nas declaracións de impacto ambiental.

Cómpre resaltar o carácter unitario dos parques eólicos previstos, no sentido de que todos os seus elementos e instalacións deben contemplarse desde unha perspectiva unitaria, desde os accesos e os propios aeroxeradores ata a liña de conexión dos parques no seu conxunto coa rede de distribución ou transporte de electricidade. Iso conleva, efectivamente, que non pode darse un tratamento separado a grupos de aeroxeradores de forma artificial e tratalos como parques autónomos, ou duplicar instalacións co mesmo fin, pois iso comportaría efectivamente unha fraude de lei que, á marxe do seu maior impacto ambiental, podería supoñer unha alteración da competencia ou unha evitación de maiores esixencias ambientais.

Non se valora a localización dos parques previstos e a súa continuidade física e tampouco se pondera que todos os parques compartan elementos comúns relevantes, como é a liña de evacuación de electricidade e as infraestruturas de conexión asociadas. Ao anterior hai que engadir outro dato adicional, que é que a consideración separada dos parques impide ter en conta os efectos sinérxicos dos mesmos desde a perspectiva ambiental.

A unidade do proxecto resulta así dos datos fácticos xa acreditados arestora en base aos proxectos presentados polas promotoras e arestora en tramitación, como son a localización lindeira dos parques, dos elementos comúns como a liña de evacuación de electricidade etc... Por outra banda, a consideración separada dos parques impide ter en conta os efectos desde o punto de vista do impacto ambiental, obviando unha análise do conxunto dos elementos implicados, sen que poida paliarse o defecto de concepción inicial cos estudos de sinerxias, limitado a determinados aspectos. Todos os parques proxectados teñen efectos acumulados sobre os mesmos elementos da paisaxe e a biodiversidade da contorna, polo que o seu impacto sinérxico debe ser avaliado de forma conxunta para non incorrer nuns procedementos viciados desde o principio e nulos de pleno dereito, tal e como apuntan diversas

resolucións xudiciais respecto diso. Ademais a cidadanía ten dereito ao acceso á información do conxunto e a recibir información relativa ao conxunto global e acumulado de todas as infraestruturas do proxecto industrial.

A Avaliación de Impacto Ambiental de Proxectos é unha técnica que non admite sucedáneos ou substitutos e que, por tanto, debe esixirse de forma íntegra, a fin de non frustrar a súa funcionalidade.

Que a fragmentación artificial ou de conveniencia deste tipo de proxectos non se axusta a Dereito é unha realidade que veñen corroborando os tribunáis de xustiza en España dende hai anos. Así, por exemplo, A Sentenza do TSXG, Sala Terceira, nº 254/2020, de 9 de novembro, que apreciou a fragmentación artificial do parque eólico Sasdónigas, en Mondoñedo, a Sentenza do Tribunal Supremo, Sala Terceira, de 30 de marzo de 2017, nº 556/2017, ou a pioneira Sentenza do Tribunal Supremo de 20 de abril de 2006, na que se pode ler o que segue:

"Se algún sentido ten dita figura (os parques eólicos), coa significación xurídica que diversas normas lle recoñeceron, é precisamente a de integrar en si varios aeroxeradores interconectados e dispoñelos de modo que non atenúen uns o rendemento eólico doutros, en zonas con determinados requisitos mínimos (velocidade e constancia do vento) co fin de optimizar o aproveitamento enerxético e diminuír os custos da súa conexión ás redes de distribución ou transporte de enerxía eléctrica. É consustancial, pois, aos parques eólicos o seu carácter unitario de modo que os aeroxeradores neles agrupados necesariamente han de compartir, ademais das liñas propias de unión entre si, uns mesmos accesos, un mesmo sistema de control e unhas infraestruturas comúns (normalmente, o edificio necesario para a súa xestión e a subestación transformadora). E, sobre todo, dado que a enerxía resultante ha de inxectarse mediante unha soa liña de conexión do parque eólico no seu conxunto á rede de distribución ou transporte de electricidade -pois non se cumprirían os criterios de rendemento enerxético e dun mínimo impacto ambiental se cada aeroxerador puidese conectarse independentemente, coa súa propia liña de evacuación da enerxía eléctrica producida, ata o punto de conexión coa rede eléctrica-, non é posible descompoñer, a efectos xurídicos, un parque eólico proxectado con estas características para diseccionar del varios dos seus aeroxeradores aos que se daría un tratamento autónomo".

En canto ao impacto negativo das operacións de fragmentación artificial de parques nas avaliacións ambientáis, a Sentenza do Tribunal Supremo, Sala Terceira, de 21 de febreiro de 2014, recaída no recurso 673/2009, contemplou no seu Fundamento de

Dereito sexto o que segue:

“3ª. Diso despréndese que, prescindindo, dunha consideración de conxunto dos demais parques, a declaración de impacto ambiental realizada, efectuose de forma fraccionada, iso é totalmente claro despois de que na mesma se prescindiu, como se desprende do informe precedentemente citado, da liña de evacuación eléctrica que conecta co sistema de distribución xeral, liña esta que ha de formar parte do parque ou parques analizados, e que sendo común aos dous, serve precisamente, entre outros elementos para considerar, para dar unidade a ambos. A non integración da devandita liña devaluou a declaración de impacto realizada, o que non pode paliarse cun estudo de sinerxias, que só considera determinados aspectos, como o de ruído e ambiental, que puiden constituír, si, un plus respecto a os proxectos analizados en conexión con outros, pero que non pode servir para paliar un defecto de concepción inicial, cal debeu ser unha análise conxunta de todos os elementos que han de integrar o único proxecto. Noutro caso, sempre quedaría ao criterio da Administración a escisión dos proxectos para avaliar completando posteriormente un estudo conxunto de ambos os a través de devandito estudo de sinerxias, que sempre deberá efectuarse nun proxecto unitario determinado polos elementos inescindibles que o compoñen.

4ª. As mesmas consideracións deben efectuarse respecto á duplicación en dúas dos procedementos de autorización, sendo copia mimética o un do outro, o que é expresivo de que nos atopamos, non ante dous proxectos, senón ante un só, xa que a admisión deste criterio permitiría, non duplicar senón triplicar, cuadruplicar... etc. o proxecto inicialmente concibido, fraccionando as avaliacións de impacto ambiental, que non pode ser duplicada, para cada un dos proxectos, senón que, por contra, a única garantía de analizar todas os aspectos que se han de incluír no mesmo, é desde unha visión conxunta, non fraccionada, sen que poida suplir esta carencia de orixe, recorrendo a unha análise posterior das sinerxias que se producen entre os elementos illadamente analizados”.

Unha cousa é que se pretenda facer valer que nos atopamos ante proxectos de implantación de parques independentes e plenamente funcionáis de xeito aislado, e outra é que as vinculacións operativas entre eses parques proxectados sexan, de facto, intensas. Poderase alegar que se procura o menor impacto nas infraestruturas de evacuación, poderase referir tamén a súa modularidade ou adaptabilidade, mais certamente, no sentido

apuntado por unha xurisprudencia cada vez máis consolidada, a fragmentación artificiosa tén por finalidade menoscabar as garantías inherentes aos procedementos de avaliación, pola vía de imposibilitar a avaliación ambiental de conxunto dos proxectos. E para superar esa merma de garantías, dende logo, non resulta suficiente que nas avaliacións ambientais fragmentadas se acometan estudos de sinerxias, sobre os cales a xurisprudencia tén declarado o seu carácter incompleto e fragmentario. Así, a Sentenza do TSX de Castela-León, Sala de Valladolid, nº 1361/2014, de data 26/06/2014, Fundamento de Dereito sexto, resolución que declarou a existencia de fragmentación artificial:

“Prescindiendo, de una consideración de conjunto de los demás parques, la declaración de impacto ambiental realizada, se ha efectuado de forma fraccionada, ello es totalmente claro en cuanto que en la misma se ha prescindido, como se desprende del informe precedentemente citado, de la línea de evacuación eléctrica que conecta con el sistema de distribución general, línea esta que ha de formar parte del parque o parques analizados, y que siendo común a los dos, sirve precisamente, entre otros elementos a considerar, para dar unidad a ambos. La no integración de dicha línea ha devaluado la declaración de impacto realizada, lo que no puede paliarse con un estudio de sinergias, que solo considera determinados aspectos, como el de ruido y ambiental, que puede constituir, sí, un plus respecto a los proyectos analizados en conexión con otros, pero que no puede servir para paliar un defecto de concepción inicial, cual debió ser un análisis conjunto de todos los elementos que han de integrar el único proyecto. En otro caso, siempre quedaría al criterio de la Administración la escisión de los proyectos a evaluar completando posteriormente un estudio conjunto de ambos a través de dicho estudio de sinergias, que siempre deberá efectuarse en un proyecto unitario determinado por los elementos inescindibles que lo componen. (...) Las mismas consideraciones han de efectuarse respecto a la duplicación en dos de los procedimientos de autorización, siendo copia mimética el uno del otro, lo que es expresivo de que nos encontramos, no ante dos proyectos, sin ante uno solo, ya que la admisión de este criterio permitiría, no duplicar sino triplicar, cuadruplicar... etc. el proyecto inicialmente concebido, fraccionando las evaluaciones de impacto ambiental, que no puede ser duplicada, para cada uno de los proyectos, sino que, por contra, la única garantía de analizar todas los aspectos que se han de incluir en el mismo, es desde una visión conjunta, no fraccionada, sin que pueda suplir esta carencia de origen, recurriendo a un análisis posterior de las sinergias que se producen entre los elementos aisladamente analizados”.

Cómpre salientar que esta Sentenza foi ratificada en casación polo Tribunal Supremo, Sala do Contencioso-Administrativo, en data 30/03/2017, por medio de Sentenza nº 1390/2017.

En calquera caso, o proxecto verbo do que alegamos e, en particular, o estudo de impacto ambiental, non acomete tampouco unha avaliación acada de impactos acumulativos e sinérxicos. Aínda partindo da realidade de que se está a tramitar a implantación do conxunto de parques antes referidos na zona xeográfica de referencia, o estudo dos impactos acumulativos e sinérxicos incorporado como Anexo VI ao EIA non se pode considerar que xustifique ou motive adecuadamente as conclusións ás que chega, nin que -na liña da xurisprudencia citada anteriormente- considere a totalidade dos aspectos que deben ser considerados.

Dada a proximidade física entre os diferentes proxectos de parques, e por conseguinte a súa afección aos mesmos espazos naturais, especies, patrimonio ou poboación, é precisa unha análise exhaustiva, ecosistémica e participada que garanta un modelo de desenvolvemento rural equilibrado da zona afectada, no sentido do disposto no artigo 46 da Lei 42/2007, do 13 de decembro, do Patrimonio Natural e da Biodiversidade, que establece que calquera plan, programa ou proxecto que poida afectar de forma apreciable ás especies ou hábitats dos espazos da Rede Natura 2000, xa sexa individualmente ou en combinación con outros plans, programas ou proxectos, someterase a unha adecuada avaliación das súas repercusións no espazo, tendo en cuenta os obxectivos de conservación.

Pola súa banda, a Rede de Autoridades Ambientais (Subgrupo de coordinación de órganos ambientais na avaliación de impacto ambiental de proxectos de enerxías renovables), en documento de Alcance de estudo de impacto ambiental de Proxecto de Parque Eólico Terrestre, recomenda que se a solicitude administrativa está en tramitación, “no caso de que o mesmo ou diferentes promotores soliciten autorización administrativa de varios parques cuxas evacuacións conflúan a unha mesma nova subestación ou requiran una mesma nova liña de conexión coa rede de transporte de REE preexistente, sempre que o órgano substantivo que deba tramitar e outorgar as respectivas autorizacións sexa o mesmo, para facilitar a avaliación dos efectos acumulados e sinérxicos recoméndase a súa tramitación simultánea, a elaboración dun estudo de impacto ambiental único para todos eles e solicitar a acumulación das correspondentes avaliacións de impacto ambiental nun único procedemento (artigo 57 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas).

II.-DIVISIÓN ARTIFICIOSA DE PROXECTOS INDUSTRIAIS AOS EFECTOS AMBIENTAIS. FRAGMENTACIÓN, AOS EFECTOS DA AVALIACIÓN AMBIENTAL, DAS INFRAESTRUTURAS COMPARTIDAS CON OUTROS PROXECTOS INDUSTRIAIS. O PROXECTO DEBE SER RETIRADO DE XEITO DEFINITIVO POR:

O proxecto eólico Campo das Rosas e o proxecto eólico Porto Vidros trataríase na realidade dun único proxecto industrial eólico: ambos os dous son impulsados pola mesma mercantil promotora, na mesma área xeográfica e comparten o mesmo Centro de Seccionamento (o do proxecto eólico Campo das Rosas) e a subestación Quireza, nas proximidades do proxecto eólico Touriñán, que xa conta con Declaración de impacto ambiental favorable.

Como ben indica a Declaración de impacto ambiental do proxecto eólico Porto Vidros:

“A liña eléctrica de evacuación de 30 kV do parque eólico Porto Vidros está constituída por un trazado subterráneo e un trazado aéreo. A instalación está situada na provincia de Pontevedra e discorre polos termos municipais de Cerdedo-Cotobade e Campo Lameiro.

A liña aéreo-subterránea divídese en tres tramos:

—Liña subterránea entre o centro de seccionamiento do parque eólico Porto Vidros e o apoio n° 1 de paso aéreo-subterráneo.

—Liña aérea entre os apoios n° 1 e n° 33 de paso aéreo-subterráneo.

—Liña subterránea entre o apoio n° 33 de paso aéreo-subterráneo ao centro de seccionamiento do futuro parque eólico Campo das Rosas”.

Cómpre lembrar ao respecto dá división artificial de proxectos a STSJ GAL 5691/2020 - ECLI: ES: TSJGAL: 2020:5691 de data 09/11/2020:

“TERCERO.- Que, como pone de relieve la parte recurrente, nos encontramos ante la división artificial de un único Parque Eólico en dos fases; la fase II carece de los elementos y equipamientos necesarios para ser considerada una instalación independiente de la fase I, entendiéndose el T.S. (s. 20-4-2006, RC 5814/2003) que la figura del Parque Eólico debe ser necesariamente contemplada desde una perspectiva unitaria, pues en otro caso quedaría desvirtuada la naturaleza y la función de este tipo de instalaciones, por lo que les es consustancial que los generadores en ellos agrupados hayan necesariamente de compartir, además de las líneas propias de unión entre sí, unos mismos accesos, un mismo sistema de control y unas infraestructuras comunes (normalmente, el edificio necesario para su gestión y la subestación transformadora) y que la energía resultante ha de inyectarse mediante una sóla línea de conexión del parque, sin que sea posible descomponer, a efectos jurídicos, un parque proyectado para diseccionar de él varios aerogeneradores a los que se daría un tratamiento autónomo;...”.

O proxecto eólico Vidros e o proxecto eólico Campo das Rosas comparten liña de evacuación. Polo tanto, todas as infraestruturas de ambos os dous parques deben ser obxecto de avaliación ambiental conxunta, global e sumativa.

Indícase na documentación do proxecto eólico Porto Vidros:

**Unha liña aéreo-soterrada de 30 kV, de 6.634 m, que discorre entre o CS Porto Vidros ata o CS Campo das Rosas, e que se divide en tres tramos:*

- Liña soterrada de 30 kV entre o CS do parque eólico Porto Vidros e o apoio n° 1 de paso aéreo-soterrada, de 20 m.*
- Liña aérea de 30 kV entre o apoio n° 1 da LAMT e o apoio n° 33 PAS da LAMT, de 6.593 m.*
- Liña soterrada de 30 kV entre o apoio n° 33 PAS da LAMT e o CS do parque eólico Campo das Rosas, de 21 m*
Poligonal ocupa unha superficie en forma de L duns 2,7 km de lonxitude por un largo de 2,5 km, aproximadamente.

Os proxectos eólicos Campo das Rosas e Porto Vidros, da mesma promotora, comparten infraestruturas comúns polo que deberan someterse a avaliación ambiental conxunta para non diluir a totalidade dos impactos que puideran producir a totalidade das infraestruturas.

O proxecto eólico Campo das Rosas inclúe tamén a infraestrutura para a evacuación da enerxía producida no parque que consiste nunha liña eléctrica aéreo-soterrada a 30 kV duns 1.757 m de lonxitude (cun tramo aéreo duns 1,3 km sobre 8 apoios metálicos de celosía e dous soterrados que totalizan 457 m) que vai do centro de seccionamento do parque ata unha nova **subestación elevadora 30/220 kV denominada Quireza, tamén incluída no proxecto, a construír nas proximidades da subestación do futuro PE Pico Touriñán**, que conta con DIA. Do pórtico de saída da subestación Quireza partirá unha pequena liña aérea a 220 kV de 78 m de lonxitude para conexión co apoio nº 1 da LAT 66/220 kV SE PE Pico Touriñán-SE Tibo, que é a liña de evacuación do citado PE Pico Touriñán e que tamén conta con DIA. O nó de entrega á rede de transporte é a SE Tibo de Red Eléctrica de España. O centro de seccionamento 30 kV e a restante infraestrutura de evacuación serán tamén empregados por outro parque eólico do mesmo promotor, o de Porto Vidros, proxectado a uns 4 km ao surlleste e que conta con DIA, que se conectará ao dito CS mediante a súa correspondente liña de evacuación. Asemade, **a SET Quireza verterá á rede a enerxía xerada polos parques eólicos Campo das Rosas e Porto Vidros.**

Os proxectos eólicos Porto Vidros e Campos das Rosas afectan ás seguintes tipoloxías de paisaxes: Montes do Testeiro e Serras do Cando (Rede Natura 2000, ZEPVN Serra do Cando), Montes das Cabeceiras dos Ríos Umia, Lérez e Deza (Rede Natura 2000, ZEPVN Río Lérez e ZEC Ulla -Deza, Reserva Natural fluvial Sistema Ulla -Deza) e Depresión de Caldas de Reis.

A afección paisaxística sobre a Rede Natura 2000 é máis que evidente pola proximidade á Serra do Cando e ao val fluvial do Río Lérez.




Unidad de paisaje MONTES DOTESTEIRO Y SIERRA DO CANDO

Grupo en subtipos

Subtipo de paisaje SIERRAS OCCIDENTALES

Tipo de paisaje SIERRAS GALLEGAS Y DE LA DIVISORIA ASTUR-LEONESA

Asociación Sierras y montañas atlánticas y subatlánticas




Unidad de paisaje MONTES DE LAS CABECERAS DE LOS RIOS UMIA, LÉREZ Y DEZA

Grupo en subtipos

Subtipo de paisaje MONTES MERIDIONALES AL SUR DEL ULLA

Tipo de paisaje MONTES GALLEGOS

Asociación Montes y valles atlánticos y subatlánticos




Unidad de paisaje DEPRESIÓN DE CALDAS DE REIS

Grupo en subtipos

Subtipo de paisaje DEPRESIONES DEL CORREDOR PRELITORAL

Tipo de paisaje DEPRESIONES GALAICO-ZAMORANO-LEONESAS

Asociación Cuencas, hoyas y depresiones



Unidad de paisaje: MONTES DE LAS CABECERAS DE LOS RIOS UMIA, LÉREZ Y DEZA

Grupo en subtipos

Subtipo de paisaje: MONTES MERIDIONALES AL SUR DEL ULLA

Tipo de paisaje: MONTES GALLEGOS

Asociación: Montes y valles atlánticos y subatlánticos

Existe unha afección paisaxística severa para Áreas de Especial Interés Paisaxístico como:

1. AEIP 08 11. Val do alto Almofrei
2. AEIP 08 12. Serra do Cando
3. AEIP-07-33 Coto de Codesada
4. AEIP Monte de San Sebastián
5. AEIP Serra do Candán e Montes do Testeiro
6. AEIP Coto de Codesada

Valores panorámicos (miradoiros e roteiros)

• Miradoiros:

1. Alto dá Cruz do Seixo
2. Miradoiro Alto das Quintas
3. Miradoiro de Pedrouzos
4. Miradoiro do Monte Coirego
5. Miradoiro O Castro- Eira dous Mouros- Trocastello
6. Miradoiro de Limeres
7. Miradoiro de Moraño
8. Miradoiro do Seixo
9. Monte Castelo 2
10. Monte das Fragas
11. Monte Fental

12. Monte Sisalto
13. Outeiro do Coto
14. Penalba Miradoiro do Alto do Candán
15. Miradoiro de San Sebastián
16. Miradoiro O Castro – Eiras dos Mouros – Trocastello
17. Miradoiro de Pedrouzo
18. Miradoiro de Pedrouzos
19. Miradoiro das Ameixeiras
20. Miradoiro do Seixo

• Carreiros (roteiros para sendeirismo). Os carreiros (ou roteiros para facer sendeirismo):

1. GR 94 “Rural de Galicia”
2. PR- G 68 “A Vía Escondida”
3. PR- G 113 “Rota das Pontes do Lérez”
4. PR- G 123 “Senda Peonil dá Ponche do Ramo”
5. PR- G 135 “ Roteiro dá Escuadra”



Miradoiro do Monte do Seixo con eólicos. Xeración de Feísmo Paisaxístico.



Miradoiro do Alto do Castelo de Trasdimente. Perda da funcionalidade paisaxística da Rede de Miradoiros



Miradoiro das Tres Rías



Miradoiro das Tres Rías. Perda da funcionalidade paisaxística da Rede de Miradoiros e xeración de Feísmo paisaxístico



Miradoiro Outeiro do Couto



Miradoiro do Cando



Mirador do Alto de Santa Mariña do Seixo afectado polo parque eólico do Seixo, en funcionamento



Observatorio Astronómico de Cotobade severamente afectado polos parques eólicos instalados e en tramitación da entorna



Observatorio Astronómico de Forcarei severamente afectado polos parques eólicos instalados e en tramitación da entorna

Os proxectos en cernes para a construción de parques eólicos na Terra de Montes xeraron un novo problema na comarca, e é que o seu desenvolvemento podería prexudicar gravemente aos traballos de investigación astronómica que se realizan no observatorio de As Casetas en Forcarei, un dos centros de referencia a nivel nacional neste apartado.

O observatorio astronómico atópase afectado por ata cinco parques: Tramontana, As Penizas, Pedra Longa, Cabanelas, Campo das Rosas e Rosa dos Ventos.

Menos aeroxeradores, máis lonxe e de menores dimensións para poder manter a actividade científica, a divulgativa e aproveitar o potencial turístico do centro. No relativo ás luces, cada aeroxerador ten luces brancas, que pola noite pasarían a ser de cor vermella, o cal sería positivo, posto que a contaminación lumínica sería menor. Máis aló disto, para unha correcta observación do espazo necesitarían unha redución na intensidade das mesmas porque afectaría o telescopio. Outro dos elementos dos eólicos son as aspas, cuxo tamaño provoca que ao virar xere turbulencias que removan o aire, minguando a calidade dos seus traballos. Tamén poñen o punto de mira nas subestacións, que ademais de ser un importante foco lumínico, requiren un cableado polo que circula unha cantidade de corrente que podería chegar a resultar canceríxena, así como os propios efectos para a paisaxe.

Un centro de referencia

O observatorio de Forcarei está enmarcado na Fundación Ceo, Ciencia e Cultura, un organismo declarado de Interese Galego e Docente, unha denominación de especial valor que engade máis importancia á necesidade de conservar a súa contorna de traballo nunhas condicións óptimas para o mesmo. O de As Casetas é un dos catro observatorios en activo en Galicia xunto cos da Veiga, Cotobade e o da Universidade de Santiago de Compostela, ademais esta é unha das poucas instalacións que teñan capacidade investigadora, incluído na Rede Mundial de Seguimento de Asteroides. O mesmo problema atañe ao Observatorio astronómico de Cotobade.



Portalén ou Alto do Alén, na Serra do Cando na Rede Natura 2000




Mirador do Alto de Santa Mariña do Seixo afectado polo parque eólico Serra do Seixo, xa instalado e os demais parques en funcionamento e os que se atopan en tramitación



Miradoiro do Alto do Coco afectado por parques eólicos en funcionamento. As dorsais dos montes están inzadas de eólicos. Xeración de Feísmo Paisaxístico.



Miradoiro do Alto do Coco severamente afectado por parques eólicos en funcionamento, liñas eléctricas de evacuación e outros



Mirador do Outeiro do Coco afectado de forma severa polas infraestruturas eólicas

- **AFECCIÓN SEVERA E IRREVERSIBLE PARA OS CABALOS SALVAXES E OS SEU HÁBITAT. AFECCIÓN Á FESTA DE INTERÉS TURÍSTICO INTERNACIONAL “A RAPA DAS BESTAS DE SABUCEDO”.**

Véxase o BOE nº. 55 de 5 marzo 1965, que publica a RESOLUCION de la Subsecretaría de Turismo por la que se concede la denominación de Fiesta de Interés Turístico a las fiestas españolas que se señalan.

«A Rapa das Bestas», de San Lorenzo de Sabucedo-La Estrada (Pontevedra)».

O proxecto eólico non garante a conectividade ecolóxica, implica a fragmentación de hábitats e a perda de biodiversidade con gran afección para os cabalos salvaxes. É evidente que durante a explotación do parque produciríanse afeccións sobre a especie e a descontextualización paisaxística e cultural dunha tradición ancestral como é a Rapa das Bestas de Sabucedo.

Cómpre resaltar que é a única festa tradicional que conta con un *Minidicionario ou glosario da Rapa das bestas de Sabucedo. Un vademécum. Vol. 18 (2015)* de Manuel Cabada Castro e Roi Vicente Monteagudo (www.tabeirosmontes.com/uploads/1/9/6/2/19629509/rapa-minidicionario-pdf.pdf)

Sendo obxecto de promoción cultural e turística por diversas webs institucionais:

https://www.turismo.gal/localizador-de-recursos/-/sit/fiestas/fiestas-de-interes-turistico/galicia?langId=es_ES

<https://www.santiagoturismo.com/blog-mcs/rapa-das-bestas>

<https://www.santiagoturismo.com/senderos/ruta-btt-da-rapa-das-bestas>

percorrido 1 ruta btt rapa das bestas

O ciclismo de montaña é un xeito saudable de gozar da natureza. A ruta BTT Rapa das Bestas achéganos aos valores culturais e paisaxísticos dunha das tradicións que forxa a nosa identidade como concello.

máis info: www.turismo.aestrada.com

datos:
distancia: 54,83 km.
época recomendada: todo o ano
tempo necesaria: 5-7 h.

bestas

sinlización en ruta:

de fronte

á esquerda

á dereita

perigo

cor da sinlización en función da dificultade do percorrido:

■ moi fácil

■ fácil

■ difícil

■ moi difícil

recomendacións:

Planifica a túa saída; escolle o percorrido de acordo ao teu nivel físico e técnico.

Leva auga e algún alimento. Infórmate sobre as previsións meteorolóxicas.

Revisa a bicicleta antes de montala recorda que ante unha picada ou avaría, debes ser autosuficiente.

Non cautes os animais. Se atopas cancelas déixas como estaban.

Cantala a túa bicicleta. Adapta a velocidade ás condicións do camiño, visibilidade... Evita os derrapes, erralóns o terreo.

Cédalles sempre o paso a peóns e outros usuarios. Avisalos da túa presenza.

Procura non montar só e non menosprezar a natureza; non abandonar es a bicicleta marcada. Leva sempre o móbil e infórmalo a alguén de que vas facer a ruta.

É sobre todo USA O CASCO e NON DÉXES LIXO NO MONTE.



A rapa das bestas de Sabucedo é un evento que se celebra en Sabucedo (A Estrada) durante tres días, o primeiro sábado, domingo e luns de xullo. En 2007 foi declarada festa de interese turístico internacional.

<https://www.youtube.com/watch?v=PVRmFydTETw>

Cómpre destacar que é a única festa tradicional de rapa das bestas que conta con albergues propios para a acollida de visitantes, un museo da rapa das bestas, de roteiros promocionais da rapa das bestas, dunha paisaxe única vencellada a unha tradición secular...etc. O impacto das infraestruturas eólicas non é só para o gando salvaxe senón que tamén incide no aspecto turístico do albergue, o Museo da Rapa e a Casa das Vellas: un catalizador turístico para Sabucedo e a súa entorna.

A Rapa das Bestas de Sabucedo cómpre analizala desde unha perspectiva de unidade paisaxística -cultural e etnográfica característica e integrada na entorna que rodea aos curros e o núcleo de Sabucedo, que debera entenderse con criterios de unicidade para evitar a súa descontextualización e que resulta incompatible con unha área xeográfica que se prevé con unha presión eólica excesiva, tal e como se indica na parte expositiva deste escrito. Non só se deberan ter en conta os impactos dos proxectos eólicos Campo da Rosas, senón tamén o proxecto eólico Porto Vidros, o proxecto eólico Cabanelas, o proxecto eólico Touriñán III-2, o proxecto eólico Touriñán...etc.

A implantación masiva de proxectos eólicos, tal e como se prevé arestora, afecta non só a unha festa de interese turístico internacional dunha tradición ancestral. A corta da matogueira, a eliminación de arborado, a transformación da paisaxe, as obras precisas para a instalación das infraestruturas eólicas elimina a capa fértil dos chans, eliminando por tanto, o hábitat propio do monte e das bestas. A afección prevese irreversible alomenos durante toda a vida útil das instalacións aínda que cómpre ter en conta que o chan é un recurso finito e non renovable.

Ademais non se avaliou a afección do ruído e o impacto da presenza dos aeroxeradores sobre o gando que verá modificadas as súas rutinas.

O SENTIR DUN POBO: SABUCEDO E A RAPA DAS BESTAS

FESTA DECLARADA DE INTERESE TURISTICO INTERNACIONAL
WWW.RAPADASBESTAS.ES



A BAIXA

A baixa das bestas vai lexicamente precedida da animosa subida ás altas zonas de Monteviz. Como sinalo Xosé Ovejuna no seu artigo Lolta, fliclore e tradición, para ir ao monte "cárgase o saca de chourros e froita, cógase o bocado do cinto, amarrándose á velta senca coas catro lazadas de corde, échese a bota de bo e avellentado viño, que se empregará para aplacar saores e refrescar garas secas no alto dos cumes. Córtase a moxa e alhábase coa navalla para que non manque os mans...".

Sobre as sete de maio, na alborada, os vecellos, acompañados de moitos visitantes que os axudarán na baixa, toman camiño solitario cara aos afilados montes. Chegadas as Chan das Dunhas, cada grupo, capitaneado por un mozo experimentado de Sabucedo e colector dos camiños, escolle a gra que vai a baixar. Unha vez localizada, o líder botica ao resto a estratexa a seguir así como as posibles repostas das bestas. En balancé, a tope volve instantes, son amovidos por un cordón humano que lentamente vai apertando e cerca ata conseguir dirixilas na dirección prevista. Algúns osados animais, aproveitando un flanco desprexido, conseguen escapar pero, coa axuda de xinetes, son traídos de novo.

Así sucede de volta simultánea con todas as graas que son conducidas ao Peto, onde se amontan e inscristan nun pecho habitado para o efecto. Unha vez despachado o refriar e a calmados os ánimos, reorganizándose a marcha a Sabucedo. Aínda que hai moitas persoas para rodear as bestas, non fai que baixar a garda nin perder o paso lixeiro.

Sobre as catro ou cinco de tarde, baixa a mirado steira de multitude que oparda a súa chegada, aparecen os cabalos a galope, fogosos e soventos, amolándose e covando ás veces polo estreito camiño que seende cara á baixa. Mentres as bestas non se concentran no curro para a alxia e rapa, pastan, bebén e descansan nun pecho ao Campo do Medio.

Así final de dura marroada, estes imprevistos e populares montañeiros terán percorrido uns 25 quilómetros, andando e correndo, para abalar os cabalos. Cumpre agradecer aos farrabeiros a súa efectiva e inesimable axuda nunha tradición máis enraizada da nosa cultura.



Cabalos salvaxes buscando a sombra dos aeroxeradores ante a ausencia de arborado. Desertización dos chans a consecuencia das obras das infraestruturas e das cimentacións dos proxectos eólicos.

XI.- A IMPORTANCIA DAS VÍAS PECUARIAS OU CARREIROS TRADICIONAIS COMO CORREDORES ECOLÓXICOS. FALLA DE AVALIACIÓN

☞ A IMPORTANCIA DA REDE DE CAMIÑOS E VÍAS PECUARIAS COMO CORREDORES ECOLÓXICOS ESENCIAIS PARA A MIGRACIÓN, A DISTRIBUCIÓN XEOGRÁFICAS E O INTERCAMBIOXENÉTICO DAS ESPECIES SILVESTRES

As vías pecuarias constitúen un extenso e valioso patrimonio natural e cultural que, a pesar da súa deterioración, segue prestando servizo ao tránsito gandeiro e contribuíndo á preservación da flora e fauna silvestres, e, potencialmente, pode resultar moi útil para o fomento dos usos turístico-recreativos e do desenvolvemento rural. As vías pecuarias son, por todo iso, de gran valor estratéxico na explotación racional de recursos naturais e na ordenación do territorio.

En efecto, a Lei 3/1995, do 23 de marzo, de vías pecuarias, manifesta no seu preámbulo que "a rede de vías pecuarias [máis de 100.000 km. repartidos por toda a xeografía peninsular] segue prestando un servizo á cabana gandeira nacional que se explota en réxime extensivo [700.000 cabezas lanares, 100.000 vacinas e outras, en réxime trashumante/trastermitante], con favorables repercusións para o aproveitamento de recursos pastables infrautilizados [máis de 1.000.000 Has. marxinais], para a preservación de razas autóctonas [varias delas en transo de desaparición]; **tamén han de ser consideradas as vías pecuarias como auténticos corredores ecolóxicos, esenciais para a migración, a distribución xeográfica e o intercambio xenético das especies silvestres**", e así o recoñece o R. Decreto 1997/1995, do 7 de decembro, polo que se establecen medidas para contribuír a garantir a biodiversidade mediante a conservación dos hábitats naturais e da flora e fauna silvestres (art. 7). "Finalmente, e atendendo a unha demanda social crecente, as vías pecuarias poden constituír un instrumento favorecedor do contacto do home coa natureza e da ordenación da contorna ambiental", tal como apostílase no

XII. - A IMPORTANCIA DAS PAISAXES DO CANDÁN: AS PAISAXES DE AVELINO CACHAFEIRO OBVIADAS NA TRAMITACIÓN AMBIENTAL

No outono do cerne Candán

deitan as fontes do Lérez:









no baixo, ao pé do regato

sorrí a Santiña de Montes

nun convento destellado

Autor: Avelino Cachafeiro

As Paisaxes da Terra de Montes adicou Avelino Cachafeiro boa parte da súa obra. Así destacan as pezas:

-  Chorán na Cruz da Cancela
-  No outono do cerne Candán
-  Avión do outono Suído
-  No altiño do Paraño (en referencia ao Alto do Paraño, municipio de Boborás, Ourense)
-  Soutelo ten unha Virxe
-  Se a Terra de Montes vas
-  Testeiro, Coco e Candán
-  Indo por Soutelo Arriba

No ano 1969 Avelino Cachafeiro publica o libro, "Voando cas aas dá Vida". Prologado por Ramón Otero Pedrayo, con 42 fermosos e profundos poemas que falan da terra, do amor, da morte e da nostalxia da música. Pero sobre todo fala das Paisaxes da Terra de Montes.

En virtude do anterior,

SOLICITA:

1.- Teña por presentadas estas alegacións por DEFECTOS DE TRAMITACIÓN en relación ao expediente relativo ao ANUNCIO do 28 de novembro de 2022, da Dirección Xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático, polo que se fai pública a declaración de impacto ambiental do proxecto do parque eólico Porto Vidros, nos concellos de Campo Lameiro e Cerdedo-Cotobade (expediente 2020/0216), DOG Núm. 236, de 14 de decembro de 2022 e á RESOLUCIÓN do 24 de marzo de 2021, da Xefatura Territorial de Pontevedra, pola que se someten a información pública o estudo de impacto ambiental e as solicitudes de autorización administrativa previa e de construción e aprobación do proxecto sectorial de incidencia supramunicipal e declaración de utilidade pública do proxecto do parque eólico Porto Vidros, sito nos concellos de Cerdedo-Cotobade e Campo Lameiro, da provincia de Pontevedra (expediente IN408A 2017/14), DOG Núm. 65, de 8 de abril de 2021. Anúlese por tanto a Declaración de impacto ambiental do proxecto eólico Porto Vidros e procédase ao rexeitamento do proxecto en base ás consideracións expostas na parte expositiva deste escrito.

O proxecto eólico Porto Vidros afecta a zonas de máxima sensibilidade ambiental, tal e como se demostra na parte expositiva deste escrito, polo que debe ser rexeitado, xa que segundo a zonificación ambiental do Ministerio para la Transición Ecolóxica y el Reto Demográfico sitúase nunha zona de máxima sensibilidade ambiental e non recomendada para a instalación de plantas eólicas. Ademais afecta a Zonas Protexidas de Augas potables, a Zonas sensibles de captación de augas e a masas de augas soterradas que se solapan coa REDE NATURA 2000 afectando á necesaria coherencia desta e á conectividade ecolóxica. A afectación esténdese a especies turfófitas como Sphagnum spp. Turfófitos, catalogada como “De interés especial” e en perigo de extinción e asociadas aos hábitats de turbeira.

Na tramitación ambiental do proxecto eólico Porto Vidros non consta que se chegara a avaliar a afectación das infraestruturas a esta especie turfófito de interés especial.

O elevado número de infraestruturas eólicas existentes na área de afección do proxecto Porto Vidros desvirtúa a funcionalidade das áreas de especial interés paisaxístico, itinerarios, lugares de especial interés paisaxístico, miradores e afecta de forma irreversible a conectividade ecolóxica. Ademais da severa afección paisaxística e da perda da funcionalidade paisaxística das áreas de especial interés paisaxístico, dos lugares de especial interés paisaxístico e da perda da funcionalidade paisaxística dos miradoiros, o proxecto afecta de forma severa e irreversible non só aos cabalos salvaxes dos montes, pola afección aos hábitats, os procesos erosivos e de perda de humus (capa fértil dos chans) que se xeneran coas cimentacións eólicas, senón que producen a descontextualización da Festa de Interés turístico nacional “A Rapa das Bestas” de Sabucedo, que conta con albergue, roteiros de promoción das bestas, zonas de acollida de visitantes...etc., configurando unha unidade paisaxística -cultural e etnográfica característica e integrada na entorna que rodea aos curros e o núcleo de Sabucedo, que deba entenderse con criterios de unicidade para evitar a súa descontextualización e que resulta incompatible con unha área xeográfica que se prevé con unha presión eólica excesiva, tal e como se indica na parte expositiva deste escrito. Non só se deberan ter en conta os impactos dos proxectos eólicos Porto Vidros, senón tamén o proxecto eólico Campo das Rosas, o proxecto eólico Cabanelas, o proxecto eólico Touriñán III-2, o proxecto eólico Touriñán...etc.

O proxecto afecta a varias especies incluídas no Catálogo galego de especies ameazadas catalogadas como vulnerables e en perigo de extinción, tal e como se indica na parte expositiva deste escrito. Ademais ten unha afección severa e irreversible para a herpetofauna e importantes comunidades de briófitas.

O impacto paisaxístico e a descontextualización do patrimonio cultural é inasumible.

2.- As Directrices Enerxéticas 2018-2020 de Galicia expoñen para a enerxía eólica unha potencia instalada en 2030 de 4.122 MW, sendo a finais de 2019 a potencia instalada de 3.986 MW. En setembro de 2022 esta potencia está amplamente superada, polo que o proxecto só se xustifica desde un punto de vista especulativo.

Galicia supera en 2020 os obxetivos marcados en renovables pola UE para 2030 cunha porcentaxe sobre o consumo final bruto do 46% Renovables que xa representaron o 107% da demanda eléctrica.

Non se xustifica por tanto a necesidade do proxecto eólico Porto Vidros. Ao impacto deste proxecto hai que engadirlle o impacto paisaxístico e ambiental do proxecto eólico Porto Vidros, da mesma promotora e tamén en

tramitación e co que comparte infraestruturas comúns como a subestación., e incluso área xeográfica e empresa promotora.

3.- A información ambiental dos proxectos eólicos Campo das Rosas e Porto Vidros preséntase fragmentada en proxectos independentes ou divididos artificialmente, o que impide ao público a valoración conxunta e global da mesma, e por tanto dos impactos ambientais sinérxicos, aditivos e/ou acumulados do conxunto das infraestruturas do proxecto industrial.

A inclusión dos efectos e impactos do conxunto das infraestruturas e das de evacuación de enerxía e de conexión incrementarían considerablemente a magnitude dos impactos detectados no EIA, facendo necesario valorar outras alternativas ou implementar novas medidas correctoras.

A Avaliación de Impacto Ambiental de Proxectos é unha técnica que non admite sucedáneos ou substitutos e que, por tanto, debe esixirse de forma íntegra, a fin de non frustrar a súa funcionalidade.

4.- Non se ten en conta a función de descarbonización que realiza o monte galego nin a súa importante función social. Debérase repotenciar os parques eólicos existentes no canto de seguir inzando estacións eólicas sin control algún como o están a facer arestora. A ausencia de seguimento ambiental do Plan Sectorial eólico propicia un elevado descontento social e a xeración de Feísmo Paisaxístico, e todo a prol do lobby eólico e en detrimento do benestar das familias que viven, residen e /ou traballan nos núcleos rurais afectados.

5.- Os proxectos eliminan a funcionalidade actual e potencial das vías pecuarias ou camiños tradicionais e non ten en conta A IMPORTANCIA DA REDE DE CAMIÑOS E VÍAS PECUARIAS COMO CORREDORES ECOLÓXICOS ESENCIAIS PARA A MIGRACIÓN, A DISTRIBUCIÓN XEOGRÁFICA O INTERCAMBIO XENÉTICO DAS ESPECIES SILVESTRES.

6.- Ao abeiro do Convenio Europeo da Paisaxe, en vigor o 1 de marzo de 2004, e que España ratificou o citado Convenio o 26 de novembro de 2007 (BOE de 5/02/2008), o papel do dereito non é recoñecer e protexer un valor ou unha beleza paisaxística particulares; o que o dereito debe recoñecer en primeiro lugar e, por conseguinte protexer, é un valor complexo: a necesidade de toda a cidadanía de establecer unha relación sensible co territorio, de beneficiarse desta relación e de participar na determinación das características formais dos lugares que habitan ou frecuentan. Ninguén, incluída a promotora deste proxecto e a Xunta de Galicia, teñen dereito a emborronar a dimensión paisaxística dun territorio sen ter primeiro en conta o interese do conxunto da poboación local afectada. E o dereito á Paisaxe non pode ser determinado por un desenvolvemento económico que non ten en conta a aparencia dos territorios aos que afecta, senón que debe reflectir as verdadeiras aspiracións dos homes e mulleres que o habitan. E no presente caso constátase un rexeitamento social ao proxecto eólico Porto Vidros e os demais parques eólicos xa existentes ou en tramitación na área xeográfica de afección deste proxecto e as liñas de evacuación existentes e en tramitación na mesma área xeográfica. Non se pode transformar unilateralmente por mor do interés dunha empresa as paisaxes agrarias, culturais e forestais e o medio de vida das familias en paisaxes industriais e polígonos eólicos que só benefician a empresas como é o presente caso.

Véxase o documento INFORME DA COMISIÓN TÉCNICA TEMPORAL SOBRE ENERXÍA EÓLICA E PAISAXES CULTURAIS EN GALICIA: <http://consellodacultura.gal/publicacion.php?id=443777>

Véxase: “Efectos de los parques eólicos e instalaciones eléctricas asociadas sobre la salud”.

<https://aliente.org/efectos-eolica-salud>

Debera abrirse previamente un proceso público participativo, onde con carácter previo, a cidadanía afectada e o público poidan participar na localización do proxecto eólico Porto Vidros aos efectos paisaxísticos, de saúde e de benestar. Cómpre ter en conta que o Convenio europeo da Paisaxe indica que os obxectivos de calidade paisaxística determínanos a Administración, en base ás aspiracións da cidadanía, e non en base ás aspiracións dunha mercantil promotora que actua no mercado con ánimo de lucro. Polo tanto, estase a obviar a participación pública nun instrumento de ordenación do territorio tan importante e con tanta afección como é este proxecto industrial.

7.- A excesiva fragmentación dos ecosistemas e a falla de avaliación do impacto sobre o lobo ibérico afecta de forma severa ao seu hábitat, tendo en conta que o lobo atópase estritamente protexida. A corta de matogueira que se leva a cabo nas obras de construción dos parques afecta aos puntos de encame e puntos de encontro da especie. Tras a Orde TED/980/2021, do 20 de setembro, pola que se modifica o Anexo do Real Decreto 139/2011, do 4 de febreiro, para o desenvolvemento da Listaxe de Especies Silvestres en Réxime de Protección Especial e do Catálogo Español

de Especies Ameazadas, todas as poboacións de lobo (*Canis lupus*) están incluídos na “Listaxe de Especies Silvestres en Réxime de Protección Especial” recollido no Real Decreto 139/2011.

Ademais da afección a especies catalogadas como vulnerables, existe unha afección severa a hábitats prioritarios e de interese comunitario. Existe a obriga de manter estes últimos nun estado de conservación favorable, o que é incompatible coa súa eliminación, como se prevé no caso do proxecto eólico Porto Vidros.

Existe a obriga legal de conservar os hábitats de interese comunitario nun estado de conservación favorable, o que é incompatible coa súa afección irreversible ou eliminación.

7.- A fragmentación excesiva dos hábitats e a falla de garantía da conectividade ecolóxica e a necesaria permeabilidade destes, unida aos efectos barreira derivados das gabias, dos vieiros e das plataformas eólicas, implica un risco e un prexuízo para a integridade do espazo e a conservación das especies.

Por outra banda, a necesaria coherencia da Rede Natura 2000 obriga a preservar non só a conectividade lonxitudinal dos cauces da área de actuación senón tamen a conectividade ecolóxica transversal das brañas e lagoas ubicadas na área de afección do proxecto.

A densidade das infraestruturas eólicas existentes e previstas na área de implantación dos proxectos descritos implica un risco claro de xerar “illas biolóxicas”, derivado da fragmentación excesiva dos hábitats e sin garantir a necesaria permeabilidade ecolóxica.

8.- A IMPORTANCIA DA LEI 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia, os MONTES COMO RESERVORIOS E DEPÓSITOS DE FIXACIÓN DE CARBONO e a FUNCIÓN SOCIAL DO MONTE foi obviada na tramitación ambiental do proxecto eólico Porto Vidros e os parques eólicos en tramitación na área de afección destes.

As cimentacións dos parques eólicos, a construción e acondicionamento de viais, a insalación de gabias de cableado, a proxección das liñas de evacuación cos respectivos puntos de apoio e accesos aos mesmos, xunto coa remoción de toneladas de terra precisa para a súa implantación, altera de forma irreversible a cuberta vexetal e os recursos hídricos, producindo erosión da cuberta vexetal e a medio e longo prazo desertificación da área afectada, xa que a perda da cuberta vexetal e dos humedais convirte aos chans en recurso natural non renovable e finito que perde a súa funcionalidade e aptitude agrícola, gandeira e forestal actual de xeito irreversible. O mesmo sucede cos humedais e os terreos ribeiregos aos cauces, coa conseguinte afección á necesaria conectividade ecolóxica e a necesaria permeabilidade dos ecosistemas e dos hábitats.

O desenvolvemento eólico non consegue axudar no desenvolvemento económico das comunidades rurais afectadas, mentres que o aproveitamento forestal que se ve ameazado co desenvolvemento eólico supón unha axuda económica importantísima nas economías familiares.

Non debería argumentarse a necesidade de instalar parques eólicos en beneficio do medio ambiente perxudicando algo que actualmente está realizando de forma activa unha labor protectora do solo, da biodiversidade e ademais mitigando o cambio climático.

A proliferación de parques eólicos nos municipios afectados e contorna, co conseguinte impacto paisaxístico e medio ambiental, inciden directamente nas posibles oportunidades dos municipios afectados para conseguir loitar contra o despoboamento rural.

Ninguén nin ningún poder público ou Administración ten dereito a emborronar a dimensión paisaxística dun territorio sen ter primeiro en conta o interese do conxunto da poboación local afectada. E o dereito á Paisaxe, protexido polo Convenio europeo da Paisaxe non pode ser determinado por un desenvolvemento económico que non ten en conta a aparencia dos territorios aos que afecta, senón que debe reflectir as verdadeiras aspiracións dos homes e mulleres que o habitan.

Neste caso debe considerarse a actividade eólica como un uso incompatible e prohibido en relación a capacidade de produción forestal e vocación tradicional dos terreos nos que se asientan as explotacións forestais e os prexuízos irreversibles para os humedais presentes e afectados polas infraestruturas do proxecto do parque eólico Porto Vidros e os parques eólicos asociados que afecta de forma significativa e irreversible á conectividade ecolóxica dos ecosistemas.

9.- O trámite ambiental levado a cabo na tramitación do proxecto do parque eólico Porto Vidros non permite valorar a importancia da zonificación da conectividade ecolóxica estrutural como variable transcendental para coñecer o grao de facilidade ou dificultade que un espazo natural posúe para albergar as interrelacións da biodiversidade.

Analizada a documentación ambiental das infraestruturas detéctase que a metodoloxía empregada non permitiu definir as áreas críticas de conectividade ecolóxica estrutural da área xeográfica de implantación dos proxectos.

Non se determinou o índice de fragmentación dos ecosistemas e polo tanto non se puido establecer o grao de conectividade/criticidade.

Non se estableceron as áreas críticas de conectividade ecolóxica estrutural. Nesta relación un maior grao de criticidade conleva a un menor grao de conectividade ecolóxica estrutural.

Á vista do elevado número de parques xa instalados e os que están a ser obxecto de tramitación débese avaliar os impactos acumulados, sinérxicos e globais de todas as infraestruturas, e máis tendo en conta que non se está a facer un seguimento ambiental do Plan Sectorial eólico de Galicia, e polo tanto non se dispoñen de datos ao respecto.

Cómpre ter en conta que o actual Plan Sectorial eólico non foi obxecto de avaliación ambiental estratéxica nin está adaptado ao Convenio europeo da Paisaxe. Tampouco está a realizarse un seguimento ambiental do mesmo.

10.- Por outra banda non se permite o acceso aos estudos de colisión e electrocución da avifauna actualizados dos que dispoña o órgano ambiental tanto con respecto aos parques eólicos como ás liñas de media e alta tensión e nos que se basean as mercantiles promotoras para facer as súas previsións, xa que logo, todo indica que desde a elaboración dun estudo realizado por Arcea no ano 2009 non se volveron a actualizar os datos, os estudos ou informes, pese a avalancha de parques eólicos e instalacións de evacuación que se están a tramitar. O mesmo se pide en relación cos estudos de quirópteros. Solicítase acceso aos estudos de colisión e electrocución da avifauna actualizados dos que dispoña o órgano ambiental tanto con respecto aos parques eólicos como ás liñas de media e alta tensión e nos que se basean as mercantiles promotoras para facer as súas previsións.

11.- Preocupa moito a contaminación lumínica dos numerosos aeroxeradores instalados na área xeográfica do proxecto e a súa afección á Rede Natura 2000 e ás aves en perigo de extinción e vulnerables.


É necesario considerar ademais que a iluminación dos aeroxeradores presenta moitas outras problemáticas sociais, xerando molestias a distintos niveis á poboación circundante a nivel de saúde pública e conferindo á paisaxe «unha imaxe de desasosego». Doutra banda, organizacións de referencia como SEO/Birdlife alertaron que as luces e escintileos luminosos provenientes dos aeroxeradores alteran os ciclos naturais de moitos seres vivos durante o período nocturno e as súas pautas de comportamento ao modificar os seus ritmos circadianos, chegando a desorientar ás aves e certos anfibios nos seus procesos migratorios.

12.- Solicítase acceso aos informes sectoriais do proxecto Porto Vidros que deberan ser obxecto de exposición pública e que non foron. Fundaméntase esta petición no dereito de acceso á documentación ambiental do proxecto baseada no Convenio de Aarhus.

Deberan ter a ligazón web de acceso á documentación ambiental do proxecto eólico Campo das Rosas habilitada para poder acceder á mesma. A ligazón indicada no anuncio do DOG non permite o acceso pese a que o proxecto industrial eólico está en tramitación. Habiliten por tanto esta ligazón ou outro medio para o acceso á información ambiental do proxecto. Véxase:

<https://ceei.xunta.gal/transparencia/documentos-sometidos-a-informacion-publica>

<http://descargas.xunta.es/70c06f26-5f95-465b-ba1e-0479b85a892b1616587378060>



Imaxe da web á que conduce á ligazón indicada no anuncio publicado no DOG relativo ao proxecto eólico Porto Vidros e na que se indica: "Arquivo non atopado!, imposibilitando o acceso á documentación ambiental do proxecto.

A Estrada, 14 de xaneiro de 2023

Asdo.- _____